

CIG INFORMA

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

O pasado 22 de decembro mantívose unha nova reunión co representantes do Comité, na que se debateron os seguintes temas:

- Dende a CIG, manifestamos a nosa solidariedade cos compañeiros/as agredidos este mes de decembro, nunha intervención no servizo do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, e poñemos a disposición dos mesmos como de todos os traballadores/as, os nosos servizos, apoio e toda a axuda necesaria tanto para tratar de minorar e erradicar estas situacións, así como todo o que sexa necesario para paliar as futuras consecuencias que poidan ter os compañeiros/as. Igualmente quedamos a súa disposición para todo o que sexa necesario.
- Calendarios Laborais. A empresa entregou os calendarios laborais dos servizos, os cales quedaron pendentes de aprobación unha vez estudados polos membros do comité, para a vindeira reunión convocada para o 18 de xaneiro. Por parte da CIG se lle recriminou a Empresa a tardanza en entregar estes calendarios e non é de recibo entregar no día de hoxe os mesmos, e pensar que íamos a aprobalos nesta mesma reunión, pola nosa parte non estamos en disposición de aprobar os mesmos neste día, e deberíanse ter entregado previamente, para súa aprobación neste día. A empresa pola súa banda informa que non puido entregalos antes por falta de tempo para preparalos. Esta situación evidencia unha clara falta de respecto, e aprovéitanse da situación de interinidade na que está este Comité de Empresa, está claro que aos únicos que beneficia esta situación é a Empresa xunto con aqueles que pola súa indefinición queren seguir mantendo esta situación no tempo. Dende a CIG entendemos que esta situación non se debe seguir mantendo no tempo e que hai que buscar unha situación, e se entre todos facemos o esforzo de dar pasos atrás, seguro que isto se soluciona nun abrir e pechar de ollos, o inmovilismo só beneficia a aqueles que non queren mudar as cousas, Dende aquí facemos un chamamento a facer os esforzos necesarios para ter unha solución nun prazo breve de tempo.
- Nesta mesma reunión se nos cita para unha reunión en Inspección de Traballo para o vindeiro 26 de decembro, preguntamos o porque desta citación e os alí presentes manifestan o seu descoñecemento de tal citación.
 - Pois ben, o pasado 26 nos presentamos en Inspección de Traballo xunto coas demais organizacións sindicais e Empresa. Para a nosa sorpresa aqueles que o 22 manifestaron descoñecer a causa de tal citación entre eles os representantes de Alternativa Sindical (AS), resulta que estabamos alí citados por unha denuncia de AS, polos cuadrantes, por non cumprir cos 96 días de descanso anual compensatorio, polos contratos a tempo parcial, por non entrega de documentación e horas extras...., todas estas cuestións son tratadas no ámbito do comité en diversas ocasións, pero o peor de todo isto é querer colgarse non sei que medallas, en lugar de levar unha posición consensuada como comité, cada un mantivemos as

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080 Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437 Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373

CIG INFORMA

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

posicións que entendemos mais correctas pero nalgúnhas cuestións non coincidentes, xa que non todos temos os mesmos problemas, porque algúns temos a capacidade de negociar e arranxar problemas dos traballadores/as e outros carecen desta capacidade, deste xeito os problemas non eran iguais para os alí presentes. Hai cousas que se deben solucionar noutros ámbitos sexa vía xulgado ou vía negociación, por exemplo os contratos a tempo parcial, que como quedou claro nesta inspección isto non se solucionará por esta vía, senón todo o contrario, agora vai ser moito mais difícil que estes compañeiros lles incrementen a xornada cando lles acaban de abrir os ollos a empresa que estes teñen que estar a cómputo mensual e poden facer ata un 30% de xornada en horas complementarias sen necesidade de incrementar o seu contrato, cousa que ate agora cando lles incrementaban o contrato pois o empregabamos para tratar de mantelos así non reducíndose. O descoñecemento da norma por parte de algúns quedou evidenciada alí mesmo, de igual xeito que tampouco se enteran de que a documentación que a empresa ten que entregar aos membros do comité son as que indica o artigo 64 do ET e a que se indica no convenio colectivo, a pretensión de algún de querer outro tipo de documentación fora diso, tan só é pola vontade da empresa ou polo descoñecemento desta se é o caso, pero para iso non fai falla que a inspección o aclare, outra metedura de pata mais. No caso do incumprimento dos 96 días de descanso anual compensatorio, como xa temos dito e alí mesmo manifestamos e mesmo a inspección compartiu, este era un tema de xulgado cunha demanda de reclamación de cantidades, a inspección o único que pode facer neste caso é requirir a empresa que cumpra con este artigo do convenio, pero nin pode executar nin obrigar, porque compartindo que se ten que compensar isto debe reclamarse vía xudicial.

O mais triste de todo isto é que, quen pon a denuncia o representante de AS, abandona ofendido a reunión antes de rematar a mesma (porque non todo era como el quería, e mesmo a inspectora tivo que corrixir), deixándonos alí aos demais intentando defender cuestións plantexadas por este, das cales non se nos informou en ningún momento, tratando de manter o tipo diante da inspectora en contraposición coa empresa, mantendo unha posición o mais digna posible en defensa dos traballadores/as. Dicirlle a estes representantes que cando se realizan denuncias, polo menos que as defendan, que non sexamos outros quen teñamos que afrontar a súa defensa, quedou patente a irresponsabilidade desde que se di sindicalista que aínda podendo ter razón nalgúnhas das cuestións plantexadas, perde toda razón coa súa actitude, se non é por outros que temos que manter alí o tipo sendo convocados sen sequera comunicarnos previamente, para que estabamos alí.

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080

Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437

Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373